


## Panorama demográfico de Galicia. Ano 2006

### COMUNICADO

## Lixeiro crecemento da poboación no período 2001-2006, favorecido pola chegada de inmigrantes

No período 2001-2006 rexistrouse un leve crecemento da poboación (1,27%) que se confirma unha vez coñecidas as cifras oficiais de poboación do ano 2007. Durante os últimos anos o crecemento vexetativo sitúase en valores arredor das -8.000 persoas, polo que é a chegada de inmigrantes, sobre todo dos procedentes do estranxeiro, a que está favorecendo o crecemento demográfico en Galicia.

Crecemento poboacional e natural. Galicia. Período 1998-2006




Fonte: INE-IGE. Movemento natural da poboación. INE. Padrón municipal de habitantes

### Certa desaceleración no proceso de envellecemento poboacional

Aínda que o índice de envellecemento no 2006 xa acadou o valor de 133,5 (é dicir, que por cada 100 mozos menores de 20 anos hai 133 persoas que superan a idade de xubilación), cabe esperar que, nos vindeiros anos, se produza certa mitigación no proceso de envellecemento debido á combinación de dous factores. Por un lado, a lixeira recuperación da natalidade fai que entre 2001 e 2006 aumentase un 19% a poboación entre 0 e 4 anos. Por outra banda, as xeracións nadas durante a Guerra Civil chegaron xa á idade de xubilación, provocando unha redución do 16% na poboación de 65 a 69 anos durante o mesmo período.

### Comparación das pirámides de poboación dos anos 2001 e 2006. Galicia




Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes

### As áreas urbanas e a periferia costeira, importantes polos de atracción da poboación en Galicia

As dúas características máis notables respecto á distribución espacial da poboación galega son a urbanización (complementada coa despoboación rural) e a densificación litoral. En Galicia existen sete concellos con máis de 50.000 habitantes, que engloban entre eles o 35,7% da poboación empadroada en Galicia na data 1 de xaneiro de 2006, cifra que non varía con respecto ao ano 2001.

A densidade de poboación dos 88 concellos costeiros acada en global as 304,4 hab./Km<sup>2</sup>, mentres que no interior a densidade de poboación é de 48,3 hab./Km<sup>2</sup>.

### Densidade de poboación. Galicia. Ano 2006




Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes

## A poboación estranxeira en Galicia duplícase no período 2001-2006

A porcentaxe de estranxeiros en Galicia sobre o total da poboación acadou o 2,7%, sendo as provincias con maior proporción de estranxeiros Ourense, cun 3,6%, e Pontevedra (3,0%). En España os estranxeiros xa representan o 9,3% dos seus habitantes no 2006.

Porcentaxe de poboación estranxeira. Galicia e España. Anos 2001 e 2006




Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes

A nacionalidade estranxeira máis frecuente en Galicia é a portuguesa (13.224 persoas) seguida da colombiana (8.063), a brasileira e argentina, que se sitúan nunha cifra superior ás 6.000 persoas. A inmigración é basicamente masculina no caso dos portugueses e africanos, e é especialmente feminina a procedente de América Latina, sobre todo de Colombia e Brasil.

Con respecto ao valor dos fluxos migratorios cómpre salientar que, no ano 2006, se rexistraron en Galicia 22.948 inmigracións procedentes do estranxeiro, das que 16.962 foron de nacionalidade estranxeira, o que supón un aumento do 21% respecto ao ano 2005. En canto á procedencia destas inmigracións foráneas, son os latinoamericanos o colectivo que maior crecemento rexistrou nos últimos anos, de xeito que no 2006 un 50% dos estranxeiros procede de América Central e do Sur, sobre todo de Brasil (2.546) e Colombia (1.087). Os principais países de orixe europeos son Portugal (1.862) e Romanía (712).

Evolución das inmigracións procedentes do estranxeiro. Galicia. Período 1990-2006




Fonte: INE. Estadística de variaciones residenciales

### Lixeira recuperación do número de nacementos

En parte debido aos nacementos de nai estranxeira, dende o ano 1999 estase a detectar unha leve recuperación no número de nacementos logo da forte caída rexistrada na década dos 90. A característica máis importante da fecundidade en Galicia, e en España en xeral, é o atraso no calendario do nacemento dos fillos. A idade media á maternidade acadou os 31,1 anos no 2005.

Idade media á maternidade. Período 1998-2005. Galicia e España



Fonte: IGE. Indicadores demográficos. INE. Indicadores demográficos básicos

Os nacementos de nais non casadas representan xa o 25,6% do total (segundo os datos provisionais do ano 2006).

### Aumenta a esperanza de vida


A pesar do envellecemento da poboación galega, o número de defuncións permaneceu estable nos últimos 10 anos. A característica máis destacable da mortalidade é o aumento da esperanza de vida, que no 2005 xa acada os 76,8 anos para os homes galegos e os 84,0 para as mulleres, o que supón un crecemento dende 1998 de 1,9 anos para os homes e 1,7 para as mulleres.

Aínda que diminuíron nun 4% en termos relativos no 2005 respecto ao ano 2001, as enfermidades do sistema circulatorio seguen a ser a principal causa de morte en Galicia, sobre todo as relacionadas co corazón (que representan por si soas máis do 20% das mortes producidas en Galicia durante o 2005). As mortes por cancro representaron o 27%.

### Progresiva diminución do número de matrimonios

O número de matrimonios que fixaron a súa residencia nesta comunidade durante o 2006 foi de 10.640 (datos provisionais), o que supón unha diminución en termos relativos do -4,9% respecto ao ano 2001.

## Evolución do nº total de matrimonios e daqueles con ambos cónxuxes españois. Período 1998-2006 (P)



Fonte: INE-IGE. Movemento natural da poboación

As características máis destacables da nupcialidade en Galicia nos últimos anos son: o atraso na idade ao contraer matrimonio, que xa acadou en 2005 os 31,3 anos para os homes e os 29,2 para as mulleres, e a perda de peso dos matrimonios católicos a favor dos civís. Os matrimonios con cerimonia civil pasaron do 24,9% no 2001 ao 36,9% no 2005, experimentando un aumento do 45,2% en termos relativos no referido período.

A entrada en vigor da Ley 15/2005 (tamén coñecida por Lei do divorcio exprés), que axiliza os trámites de divorcio de forma que non é necesaria a petición anterior da separación, provocou nun ano un aumento do número de divorcios (73%) e unha diminución (71%) no número de separacións. Sumando os divorcios, separacións e nulidades, o crecemento relativo no 2006 con respecto ao ano anterior foi do 4,6%, que se sitúa por debaixo do crecemento medio nos últimos anos.

### Divorcios, separacións e nulidades. Galicia. Anos 2001-2006

	Divorcios	Separacións	Nulidades
2001	2.272	3.846	18
2002	2.350	4.198	19
2003	2.627	4.535	9
2004	3.130	4.833	13
2005	4.358	3.919	15
2006	7.522	1.140	11

Fonte: INE. Estadística de nulidades, separaciones y divorcios

#### Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
 FAX: 981.54.13.23  
 Contacto : <http://www.ige.eu/ga/estructura/contacto/index.htm>  
 e-mail: [ige@ige.eu](mailto:ige@ige.eu)